

PAULINO FLORES PAZ, en calidade de Delegado do Sindicato de Traballadores da Administración de Xustiza ( STAJ ), EXPÓN:

Cando visitamos a nova Ciudad da Xustiza de Vigo, os compañeiros que xa están instalados maniféstanos que existen ruídos molestos e ecos que dificultan a comprensión auditiva á hora de traballar, manter unha conversación co público ou falar por teléfono.

Problema sobradamente coñecido cando o volume do local é grande e as superficies de parede, chan e teito son lisas e non absorben ben o son.

Sen medo a equivocarnos podemos darlle nomee ao que está a suceder: **Reverberación**, que afecta o noso benestar podendo chegar nalgúns casos a producir danos no sistema auditivo.

O ruído ambiental ten un importante impacto na saúde humana, resultando un serio problema de saúde pública mais alá das molestias. A propia OMS, sinala que a contaminación acústica é o segundo factor ambiental máis prexudicial para a saúde en Europa, definindo esta **como a presenza no ambiente de ruídos ou vibracións que impliquen molestia, risco ou dano para as persoas no desenvolvemento das súas actividades.**

Estes efectos pódense combater colocando elementos absorbentes e así evitar o efecto rebote do son.

Creemos que a concreta solución técnica non nos corresponde a nós como sindicato pero si o poñer en coñecemento o problema existente e as molestias que está ocasionado, as cales irán en aumento segundo trasládense máis órganos xudiciais.

**Por todo iso desde STAJ, interesamos que por parte da DXX, póñase en contacto co arquitecto para que se adopten todas as solucións precisas a fin de mellorar o acondicionamento acústico coa colocación de elementos absorbentes, e así na medida do posible mitigar o efecto que está a producir a reverberación.**

En Vigo a 15/12/2022.

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

RUA MADRID,2-4, 2ºPISO-FONTIÑA

15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA.